



Concello da Coruña

Area / Unidade RR.HH PE0000 LJS	Documento 1081AI0AQ4	
Código de verificación 	Expediente 108/2024/1450	
6640 2B2W 3P32 1T5U 0BQX	Data 08-09-2026	

ANUNCIO

LISTAXE DE AGARDA PROVISIONAL DE ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A DE OBRAS PÚBLICAS (SUBGRUPO A2), C.E. 12/21

Por Resolución do 05/09/2024 (BOP núm. 172 do 06/09/2024) do Concelleiro delegado responsable de Economía e Planificación Estratéxica, convocouse un proceso selectivo para a cobertura, como persoal funcionario de carreira, pola quenda libre, de 1 praza de enxeñeiro/a técnico/a de obras públicas (subgrupo A2) da escala de Administración Especial, subescala Técnica, clase Técnicos/as Medios/as, incluída na OEP do ano 2021.

Rematado o dito proceso selectivo, de conformidade coa base específica oitava da convocatoria e coa Instrución 4/2017 sobre o procedemento de creación e xestión de listas de agarda para o nomeamento de persoal interino do Concello da Coruña, efectuarase unha listaxe de agarda coas persoas aspirantes que superando algún dos exercicios do proceso selectivo e non obtivesen praza, a efectos do seu posible nomeamento como persoal funcionario interino, nas prazas de enxeñeiro/a técnico/a de obras públicas, nos distintos supostos establecidos no artigo 10 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A orde de prelación das persoas aspirantes que superaron algún dos exercicios da fase de oposición, de conformidade coa suma dos distintos exercicios é a seguinte:

Orde	APELIDOS E NOME	DNI	Notas 1º exercicio	Notas 2º exercicio	Notas 3º exercicio	Puntuación Total
1º	SOBRINO SUÁREZ, CARLOS	***6243**	20,85	--	--	20,85
2º	RODRÍGUEZ SISO, BRUNO	***1727**	19,73	--	--	19,73
3º	MERA RICO, INÉS	***9996**	19,58	--	--	19,58
4º	GONZÁLEZ LOSADA, ESTEBAN	***1205**	17,93	--	--	17,93

Segundo o artigo 2.3 da Instrución 4/2017 sobre o procedemento de creación e xestión de listas de agarda para o nomeamento de persoal interino do Concello da Coruña, as persoas incluídas nesta listaxe provisional de persoal funcionario interino para a cobertura de prazas de enxeñeiro/a técnico/a de obras públicas (subgrupo A2) da escala de Administración Especial, subescala Técnica, clase Técnicos/as Medios/as disporán dun prazo de **10 días hábiles** para formular alegacións e presentar a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos esixidos na convocatoria.



Concello da Coruña

Esta documentación presentaranse preferentemente por vía electrónica a través de rexistro electrónico dirixida ao Servizo de Recursos Humanos do Concello da Coruña. Poderá tamén presentarse en calquera das formas que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A Coruña, na data da sinatura electrónica deste documento

A xefa de Sección de Selección e Formación
María José Iglesias Berbia

A xefa de Servizo de Recursos Humanos
Ana Carricoba Engroba